

# O Conecta Pemes mobiliza máis de 40 millóns de euros en iniciativas innovadoras

**MÁIS DE 200 PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS GALEGAS ESTÁN A PARTICIPAR NESTE PROGRAMA IMPULSADO POR ECONOMÍA E INDUSTRIA**

**M**AIS DE 200 pequenas e medianas empresas galegas participan en proxectos innovadores que mobilizan máis de 40 millóns de euros en Galicia no marco do programa Conecta Pemes. Esta iniciativa, da cal a Consellería de Economía e Industria ten resolto dúas convocatorias en tan só 6 meses, formenta o desenvolvemento de proxectos de colaboración entre 3 e 6 empresas e que contén coa participación de, polo menos, un centro tecnolóxico ou de investigación.


O programa Conecta Pemes, que obtivo unha excelente acollida nas empresas, forma parte da estratexia de innovación aberta que, coa participación dos axentes do Sistema Galego de I+D+i, persegue a Xunta co obxectivo de impulsar a transferencia de resultados ao mercado de cara a incrementar a competitividade do tecido empresarial galego.

Entre os proxectos apoiados atópanse iniciativas como o desenvolvemento de novos produtos no eido da viticultura, a mellora no fileteado de sardiñas e outras especies, ou a apostase por cidades más sostenibles.

Estas actuacións, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), supoñen unha innovación disruptiva e, sobre todo, presentan una importante capacidade para xerar rendibilidade no mercado e, en consecuencia, contribuír ao crecemento económico de Galicia. Non en van, as dúas convocatorias do Conecta Pemes xeran preto de 500 postos de traballo en Galicia, configurándose ao mesmo tempo como a mellor vía para o acceso á

**O desenvolvemento de novos produtos no eido da viticultura, a mellora no fileteado de sardiñas e outras especies, ou a apostase por cidades más sostenibles son algunos dos proxectos apoiados**

**Enmárcase na apostase da Xunta pola transferencia de resultados ao mercado, plasmada no Conecta Pemes e no Interconecta, que mobilizan en conxunto máis de 250 millóns de euros en Galicia**



A viticultura é un dos sectores beneficiados do programa. EFE

Innovación do tecido empresarial galego, composto nunha gran parte por pequenas e medianas empresas. Neste sentido, preto do 80% das empresas participantes na segunda convocatoria son pequenas.

O programa desenvólvese no marco da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia – RIS3, a folla de ruta da innovación en Galicia nos vindeiros anos. Esta Es-

tratexia abrange 3 retos: un novo modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseado na innovación, un novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento; e un novo modelo de vida saudable cimentado no desenvolvemento tecnolóxico. Nesta liña, préstase especial atención aos proxectos relacionados con estes ámbitos, destacando a apostase por un novo modelo industrial.

Así mesmo, o Conecta Pemes complementa ao programa Interconecta no traballo que está a desempeñar a Xunta a prol dunha innovación aberta. Entre ambas actuacións, estanse a mobilizar máis de 250 millóns de euros en proxectos innovadores que contribúen a mellora competitiva do tecido empresarial ao sumar, ambos programas, máis de 500 empresas beneficiadas.

## Impulso aos centros tecnolóxicos

**D**ENTRO DA apostase pola innovación, a Consellería de Economía e Industria apoiará con preto de 4 millóns de euros a sinatura de contratos programa con centros de coñecemento galegos, co obxectivo de ampliar as capacidades e impulsar a contratación e retención do mellor talento.

Estes contratos programa, destinados a centros tecnolóxicos,

centros do coñecemento, fundacións sanitarias, o CSIC e o Instituto Español de Oceanografía, teñen como particularidade, con respecto as axudas convencionais, que se outorgan conforme aos rendementos obtidos por cada centro. Desse modo, os contratos programa premian ás institucións que acadan mellores resultados en distintos eidos, como a captación de fondos europeos, a colaboración con em-

presas galegas, ou a transferencia dos resultados científicos ao mercado, de forma que se xere riqueza e emprego.

Vincular os resultados dos proxectos ao financiamento dos contratos programa ten acadado xa bons resultados nos centros de coñecemento galegos, impulsando notablemente nos últimos dous anos os contratos dos centros tecnolóxicos con empresas galegas.

En concreto, este incentivo serviu para que de 2012 a 2013 os centros de coñecemento galegos incrementasen en máis de 3 millóns de euros os seus ingresos por servizos prestados a empresas.

As axudas, que serven para adquirir equipamentos e abordar investimentos, son sobre todos unha vía con gran potencial para a transferencia de resultados e a atracción e retención de talento,

mediante actuacións centradas no capital humano: contratación e consolidación de persoal de I+D+i (investigadores, tecnólogos e outros), ou formación. Estes apoios sumáse aos respaldos que a Consellería de Economía e Industria xa ten posto a disposición dos centros tecnolóxicos a través dos programas Interconecta e Conecta Pemes, que están deseñados para unha activa participación dos centros tecnolóxicos. Ambos programas, de feito, supuxeron unha inxección de máis de 26 millóns de euros de fondos públicos para estas entidades.